# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPPI DOS DICES
CURSO: 4º ESO
MATERIA: LATÍN
DEPARTAMENTO: LINGUA GALEGA E LITERATURA
DATA: 18/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

**ÍNDICE**

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

| 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles | | | |
|---|---|---|---|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe | Competencias | Consecución mínima |
| ▪ B3.3. Comprender o concepto de declinación e conxugación. | ▪ LAB3.3.1. Define o concepto de declinación e conxugación. | CAA<br>CCL | Define o concepto de declinación e conxugación. |
| ▪ B3.4. Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da súa categoría e declinación, enuncialas e declinalas correctamente. | ▪ LAB3.4.1. Enuncia correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distíngueos a partir do seu enunciado e clasifícaos segundo a súa categoría e a súa declinación. | CCL | Enuncia correctamente algúns substantivos e adxectivos e sabe clasificalos na súa declinación. |
| ▪ B3.4. Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da súa categoría e declinación, enuncialas e declinalas correctamente. | ▪ LAB3.4.2. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente. | CCL<br>CAA | Declina algunhas palabras e sintagmas en concordancia. |
| ▪ B3.5. Coñecer as conxugacións, encadrar os verbos dentro da súa conxugación, enuncialos e conxugalos correctamente. | ▪ LAB3.5.1. Identifica as conxugacións verbais latinas e clasifica os verbos segundo a súa conxugación a partir do seu enunciado. | CAA<br>CCL | Identifica as conxugacións verbais e clasifica algúns verbos nelas a partir do seu enunciado. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| ▪ B4.1. Coñecer e analizar as funcións das palabras na oración. | ▪ LAB4.1.1. Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos adaptados, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as funcións na oración. | CAA<br>CCL | Enumera correctamente os nomes dos casos e explica as principais funcións dentro da oración |
| ▪ B4.1. Coñecer e analizar as funcións das palabras na oración. | ▪ LAB4.2.2. Traduce correctamente á súa lingua os casos latinos presentes nos textos e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso. | CCL | Traduce os casos latinos de textos breves e redacta pequenas oracións en latín. |
| ▪ B5.1. Coñecer os feitos históricos das etapas da historia de Roma, encadralos no seu período correspondente e realizar eixes cronolóxicos. | ▪ LAB5.1.1. Distingue as etapas da historia de Roma e explica os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras. | CSC<br>CSIEE<br>CD | Distingue as etapas da historia de Roma. |
| ▪ B5.1. Coñecer os feitos históricos das etapas da historia de Roma, encadralos no seu período correspondente e realizar eixes cronolóxicos. | ▪ LAB5.1.4. Describe algúns dos principais fitos históricos da civilización latina, e explica a grandes liñas as circunstancias en que teñen lugar e as súas principais consecuencias. | CSC<br>CCEC<br>CCL | Describe algún fito histórico da civilización latina. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| ▪ B5.4. Coñecer os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina. | ▪ LAB5.4.1. Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinala os trazos que os caracterizan e establece relacións entre os deuses máis importantes. | CCEC<br>CCL<br>CD | Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina. |
| ▪ B6.1. Aplicar coñecementos básicos de morfoloxía e sintaxe para iniciarse na interpretación, na tradución e na retroversión de frases de dificultade progresiva e textos adaptados. | ▪ LAB6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases de dificultade graduada e textos adaptados, para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión. | CCL<br>CAA | Traduce frases sinxelas. |

| 2. | Avaliación e cualificación |
|---|---|
| **Avaliación** | **Procedementos:**<br>Tradución de textos latinos de dificultade graduada.<br>Lectura de pequenos textos latinos.<br>Probas específicas escritas.<br>Observación directa do traballo cotián.<br>Traballos monográficos sobre aspectos de cultura e civilización. |
| | **Instrumentos**:<br>Diario do profesor.<br>Rexistro de seguimento do caderno do alumnado.<br>Revisión da presentación de textos escritos.<br>Corrección de probas específicas escritas de distinto tipo (de tradución, de desenvolvemento, relación, ordenación, comentario etc.). |
| **Cualificación final** | A cualificación final será a media aritmética das dúas primeiras avaliacións. Poderá terse en conta a entrega de traballos e interacción oral durante o período de clases en liña, de acordo cos estándares imprescindibles recollidos nesta modificación, sempre como incremento desa nota media. No caso de que a nota media sexa inferior a 5 puntos o alumnado deberá realizar traballos de recuperación acordados co profesor. |
| **Proba extraordinaria de setembro** | O alumnado que non supere a materia na avaliación ordinaria do mes de xuño, realizará unha proba no mes de setembro, nas datas establecidas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e de acordo co calendario e horario fixado polo centro. Esta proba escrita será cualificada de 1 a 10 puntos e representará o 100% da cualificación final. De non ser posible, esta proba poderá ser substituída por unha proba en liña ou pola presentación de traballos escritos de acordo cos estándares imprescindibles recollidos neste documento e previo acordo co profesor. |
| | **Criterios de avaliación:**<br>Non procede neste nivel. |

| | |
|---|---|
| **Alumnado de materia pendente** | **Criterios de cualificación: -** |
| | **Procedementos de avaliación: -**<br><br>**Instrumentos de avaliación: -** |

| 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) | |
|---|---|
| **Actividades** | Realización de fichas de reforzo das unidades completadas ata a suspensión das clases presenciais.<br>Realización de fichas de ampliación de carácter voluntario de cada unidade completada durante o primeiro e segundo trimestre.<br>Actividades de ampliación focalizadas na 4ª e 5ª declinación. |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)** | Co alumnado con conectividade procurarase replicar, malia todas as limitacións que as circunstancias impoñen, a metodoloxía empregada durante as clases presenciais. Deste xeito, tentaremos facilitar e estimular a comunicación, a creatividade, as aprendizaxes e a adquisición de competencias clave por medio dunha metodoloxía activa e o traballo colaborativo.<br>Non hai alumnado sen conectividade neste grupo. |
| **Materiais e recursos** | Libro de texto.<br>Google classroom.<br>Videochamadas a través de whatsapp.<br>Clases en liña a través de skype.<br>Ligazóns a materiais audiovisuais. |

| 4. | Información e publicidade |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | Tanto o alumnado coma as familias, xa están sendo informadas no momento de modificación desta programación didáctica polos seguintes medios:<br>• Abalar móbil.<br>• Mensaxería de Edixgal.<br>• Google classroom.<br>• Correo electrónico.<br>• Teléfono.<br>• Mensaxería instantánea. |
| **Publicidade** | Páxina web do centro. |